



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN

SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: 2024000006894

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS ACCIÓNS FORMATIVAS, XUNTO COAS BASES REGULADORAS E COMPENSACIÓNS HORARIAS INCLUIDAS NO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA 2024**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente relativo á aprobación do Plan agrupado de formación continua 2024, cuxos destinatarios son tanto o persoal desta corporación provincial como o persoal dos concellos, consorcios e mancomunidades da provincia da Coruña que están adheridos ao dito Plan, no que se acreditan os seguintes

### **ANTECEDENTES:**

Logo de que o Plan agrupado de formación continua 2024, coas súas accións formativas, bases reguladoras e compensacións horarias, fora sometido á negociación da Mesa de Formación, constituída para tales efectos na xuntanza realizada o luns 29 de abril de 2024, tal e como se reflicte na acta de constancia que se incorporou ao expediente, constitución que se realizou de acordo coa Resolución da Presidencia desta corporación número 2024/16152, do 22 de abril, pola que se designan aos membros da dita Mesa

Tendo en conta que dentro do dito Plan executaranse as concretas accións formativas que sexan efectivamente solicitadas polos destinatarios do Plan cun nivel de demanda adecuada para poder levalas a cabo e que, posteriormente, poderían resultar anuladas ou modificadas por razóns orzamentarias ou dispoñibilidades dos relatores ou dos locais destinados ás ditas accións formativas

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e a Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia, que establecen o dereito de carácter individual dos empregados públicos á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ás deputacións provinciais a prestación de labores de apoio na formación do persoal das entidades locais do seu ámbito territorial

O artigo 37.1 f) do Real decreto legislativo 5/2015, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna

**RESOLVO:**

1.- Aprobar as accións formativas que se inclúen no Plan agrupado de formación continua 2024 da Deputación Provincial da Coruña que se reflicten na seguinte listaxe, xunto coas bases reguladoras e compensacións horarias que constan no expediente e que foron obxecto de negociación entre a representación sindical e a representación da Administración:

<b>Orde</b>	<b>Denominación</b>	<b>Edicións</b>	<b>Modalidade</b>	<b>Prazas</b>	<b>Horas</b>
1	Cociña saudable e económica	1	En liña	40	25
2	Elaborar unha guía práctica de xestión ambiental para un municipio sostible	1	En liña	25	30
3	Xestión de residuos urbanos. Normativa	1	En liña	25	30
4	Boas prácticas na xardinería urbana que favorecen a biodiversidade	1	En liña	40	10
5	Comisariado e xestión de exposicións	1	En liña	30	60
6	Museoloxía e xestión de museos	1	En liña	30	48
7	Legislación, normas e técnicas de dixitalización do patrimonio documental	1	En liña	30	30
8	Danza clásica. Nivel IX	1	Presencial	6	25
9	Danza contemporánea. Nivel VI	1	Presencial	6	25
10	Danza clásica repertorio clásico e neoclásico II	1	Presencial	6	25
11	Normativa europea de control de axudas do Estado. Réxime de minimis	1	En liña	40	30
12	Boas prácticas no deseño e xestión de proxectos europeos	1	En liña	40	50
13	Creación e deseño de espazos de interpretación do Patrimonio natural e cultural	1	En liña	30	48
14	Xestión tributaria local	1	En liña	40	30
15	Recadación de tributos locais	1	En liña	40	25
16	Presupostos e facendas locais. Nivel básico	1	En liña	40	25

17	Fiscalidade básica	1	En liña	50	30
18	Bases e estratexias para a organización de eventos deportivos	1	Presencial	25	20
19	Xestión e implementación de escolas de psicomotricidade no predeporte para nenos de 3 a 7 anos	1	Presencial + 2 prácticas	30	25
20	Utilización e mantemento de impresoras 3D aplicado á impresora do IES Rosalía Mera	1	Presencial	3	9
21	Motion Control TIA PORTAL	1	Presencial	5	30
22	Intervención integral nun centro de atención á infancia	2	Presencial	15	12
23	Educación en igualdade	1	Presencial	15	12
24	Liderado de profesionais no ámbito dun centro de menores	1	Presencial	15	6
25	Contratación administrativa práctica	1	En liña	50	40
26	Fases de preparación e adxudicación no procedemento de contratación pública	1	En liña	50	25
27	A Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións públicas	2	En liña	30	20
28	Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos	1	En liña	40	40
29	Xestión de subvencións. Tramitación e control	1	En liña	40	25
30	O réxime patrimonial das entidades locais	1	En liña	40	15
31	O contrato menor nas entidades locais	2	Presencial	25	6
32	Contratación pública e protección de datos	1	Videoconferencia	60	5
33	Curso práctico de tratamento de datos nas Administracións públicas	1	Videoconferencia	60	15
34	Protección de datos en centros educativos	3	Presencial	Ata completar o aforo das salas respectivas	9
35	Protección de datos en centros de menores	2	Presencial	20	4
36	Pilotaxe de drons para policía e protección civil	1	Mixta: en liña + presencial	25	58

37	Intervención con vehículos de enerxías alternativas	1	En liña	30	25
38	Actuación policial nos casos de violencia de xénero	1	En liña	30	40
39	Intervención administrativa na edificación	1	Presencial	25	35
40	Servidumes e limitacións sectoriais	1	Presencial	30	35
41	Normativa en materia de costas e a repercusión das últimas novidades	1	Presencial	25	15
42	Qgis para a análise de proxectos. Consulta de planeamento e outras fontes cartográficas	1	En liña	25	50
43	Autocad 2D 2024. Básico	1	Presencial	15	30
44	Prevenición de riscos laborais	1	En liña	40	50
45	Traballos en altura	1	Presencial + exame teórico práctico	10	8
46	Prevenición de riscos laborais na conducción de turismos. Nivel avanzado	1	En liña + Presencial	24	7
47	Manexo do desfibrilador externo semiautomático	2	Presencial	8	5
48	Xestión do estrés no ámbito laboral	3	Presencial	25	16
49	Xestión de conflitos no ámbito laboral	2	Presencial	25	20
50	Igualdade de oportunidades	1	En liña	60	20
51	Inclusión laboral das persoas con discapacidade. Opcións de emprego	1	En liña	40	35
52	Prevenición e identificación da violencia de xénero	1	Presencial	20	20
53	Intervención con persoas inmigrantes e refuxiadas	1	En liña	30	9
54	Protección á infancia e á adolescencia	1	En liña	50	20
55	Atención a persoas con enfermidades neurodexenerativas	1	En liña	40	27
56	Estimulación cognitiva en persoas con Alzheimer	1	En liña	30	20
57	Técnicas de mobilización, traslado e deambulación	1	Presencial	15	20

58	Nutrición especializada en persoas dependentes	1	Presencial	20	30
59	Primeiros auxilios e soporte vital básico no servizo de axuda no fogar	2	Presencial	20	30
60	Expediente electrónico. A xestión electrónica na Administración segundo a Lei 39/2015	2	En liña	50	25
61	Iniciación á facturación electrónica	1	En liña	40	10
62	TEDeC Rexistro	1	Presencial	50	4
63	TEDeC Tramitación básico. Novas funcionalidades	1	Presencial	50	4
64	TEDeC Módulo de Secretaría. Novas integracións con decretos e acordos	1	Presencial	50	4
65	TEDeC. Tramitación de expedientes na área de Servizos Sociais e as súas integracións	1	Presencial	50	4
66	TEDeC. Consultas de interoperabilidade (Pasaxe) e novas integracións	1	Presencial	50	4
67	Títulos habilitantes en materia urbanística	1	Presencial	80	10
68	Redacción de documentos en galego na Administración	2	En liña	60	25
69	Linguaxe administrativa galega. Nivel medio.	1	En liña + exame presencial	25	75
70	Linguaxe administrativa galega. Nivel superior.	2	En liña + exame presencial	25	75
71	Comunicación en lingua de signos española. Nivel inicial A1.1	1	En liña	30	30
72	Curso para mellorar a calidade da lingua	1	En liña	30	20
73	Cuestións de (socio)lingüística e de léxico	1	En liña	30	20
74	Inglés básico para o sector servizos	1	En liña + Videoconferencia	40	60
75	Word e Excel básico	2	En liña	40	50
76	Creación e edición de PDF con software libre	2	En liña	60	10
77	Seguridade informática para usuarios	2	En liña	50	10
78	LibreOffice básico: Writer e Calc	2	En liña	40	50

79	Excel 2016/2019 Avanzado	1	En liña	40	40
80	Google workspace - Correo electrónico Gmail	4	Presencial	80	4
81	Google Docs	2	Presencial	80	4
82	Curso de Seguridade en contornos Windows	1	Videoconferencia	40	25
83	Ciberseguridade. Nivel básico	1	Presencial	80	4
84	Obradoiro práctico de adecuación ao ENS seguindo a metodoloxía µCeENS. Subida de evidencias a INES	1	Presencial	30	4
85	Chat GPT para docentes e contidos	1	En liña	60	30
86	Iniciación a nóminas e seguros sociais na Administración local	1	En liña	40	40
87	Orientación laboral	1	En liña	40	20
88	Xestión administrativa de RR.HH nas Administracións locais	1	En liña	40	40
89	Emprego público na Administración local	1	En liña	40	40
90	Habilidades comunicativas, oratoria e presentacións eficaces	1	En liña	100	30
91	Xestión do tempo e produtividade	1	En liña	40	30
92	Dano emocional. Intervención socioeducativa no ámbito de menores	1	Presencial	20	20

2.- Dentro do dito Plan, executaranse as concretas accións formativas que sexan efectivamente solicitadas polos destinatarios do Plan cun nivel de demanda adecuada para poder levalas a cabo e que poderían ser posteriormente anuladas ou modificadas por razóns orzamentarias ou dispoñibilidades dos relatores ou dos locais destinados ás ditas accións formativas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.